

Acta do Consello Escolar

Acta do consello escolar ordinario celebrado o martes, día 15 de outubro de 2024, ás 11:10 horas, na aula 5, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior.
2. Presentación do novo curso escolar.
3. Aprobación, se procede, da participación do centro en Contratos Programas e Proxectos do centro.
4. Eleccións para a renovación do Consello.
5. Rogos e preguntas.

Preside a reunión o director do centro, Víctor Rodríguez Romero, e asisten as persoas que figuran na folia que se achega.

1. Sométese á aprobación do consello o contido da acta da última reunión. Apróbase por maioría sen votos en contra nin abstencións.

2. A continuación o director toma a palabra para presentar brevemente o novo curso escolar. O número de alumnado reduciuse lixeiramente en primeiro da ESO e iso é bo para atender mellor o alumnado.

Temos un novo Vicedirector, Manuel Jove Prendes, profesor de francés.

O Portugués ofertado en primeiro da ESO tivo moi boa acollida e fixéronse dous grupos.

Felisa é a nova coordinadora de benestar.

3. Víctor explica o plan anual de formación do profesorado para a súa aprobación. Neste curso formáronse tres seminarios de traballo: mellora das estratexias de dixitalización, estratexias de mellora da convivencia escolar e o Polo creativo do IES Carlos Casares. Tamén renovouse a solicitude do Club de Ciencia.

O retraso na convocatoria deste consello é debido a que os novos programas están anunciados pero non saído a convocatoria. En principio edusostenibilidade continúa e eduinnova cambia. Informaremos cando teñamos máis información.

O consello aproba por unanimidade a participación do instituto no club de ciencias e o plan anual de formación do profesorado.

Víctor fala da necesidade da participación de todos na convivencia escolar que inclúe moitos ámbitos, unha necesidade urxente sería elaborar un plan de actuación en casos de ansiedade, cada vez máis numerosos entre o alumnado, e que como docentes non temos pautas concretas de actuación.

María Vila pregunta se existe algún programa o que poidamos como centro aollernos. Non coñecemos. Víctor fala da UACO, unidade de acompañamento ás familias que funciona moi ben e nos teñen axudado en algúns casos.

4. Comunícase aos asistentes que nestes próximos meses convócanse eleccións para a renovación parcial do consello. Precisamos renovar a todos os representantes dos pais/nais, dous alumnos (Zoe Seijas renunciará), un representante do persoal non docente (Patricia Pérez renuncia) e tres representantes do profesorado.

Tras esta intervención, dáse por rematada a sesión ás 11:40.

En Vigo, a 15 de outubro de 2024

O director

A secretaria:

Asdo.: Víctor Rodríguez Romero

Asdo.: Beatriz González de Paz